

**DON LEOPOLDO MOURE GARCÍA, SECRETARIO XERAL DO EXCMO.  
CONCELLO DE FERROL.**

**CERTIFICO**: Que o Excmo. Concello Pleno, en sesión celebrada o día 19 de agosto de 2022 , adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE FERROL. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2022032138). Examinada a proposta que eleva Concelleira delegada de Economía, Facenda, Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi, que textualmente di:

“ O Consello de Europa, o 21 de xullo de 2020, implementou un paquete de medidas de gran alcance onde destaca o Fondo Europeo de Recuperación Next Generation UE, e especialmente, o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se aprobou o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Para poder ser receptor dos fondos previstos, era condición necesaria que os Estados membros presentasen Plans nacionais de recuperación nos que se defínisen programas de actuación co obxectivo de potenciar a creación de emprego, o crecemento, así como acelerar a transición ecolóxica e dixital.

A tal fin, España presentou á Comisión Europea o Plan nacional de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), que foi aprobado finalmente o 16 de xuño de 2021, configurándose como un instrumento para transformar a sociedade e o tecido produtivo, modelando un sistema económica e industrial máis sostible e respectuoso coa contorna. De acordo co artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, ao executar fondos provenientes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, os Estados membros, deberán adoptar medidas adecuadas tendentes a protexer os intereses financeiros da Unión e a velar porque a utilización de ditos fondos axústese ao dereito aplicable, tanto da Unión como nacional, especialmente no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, polo que toda entidade que participe na execución das medidas do PRTR deberá de dispor dun plan de medidas antifraude, que lle permita garantir e declarar que no seu respectivo ámbito de actuación, utilizáronse os fondos correspondentes de acordo coa normativa aplicable, en particular no que se refire á prevención, detección e corrección de fraude, e conflitos de intereses.

Sobre a xestión de fondos públicos sempre pende unha ameaza ou risco de que os axentes implicados poidan incorrer en condutas irregulares ou mesmo fraudulentas, polo que cómpre seguir as prácticas que se están a impor no seo da Unión Europea e no conxunto dos países da nosa contorna, reforzando as medidas preventivas, aplicando sistemas de detección e, no seu caso, aplicando con rigor procedementos de corrección, de xeito que no caso de que se aprecien usos irregulares ou fraudulentos, se recobren para o erario público os fondos mal aplicados no prazo máis breve posible.

O Concello de Ferrol como entidade solicitante de proxectos financiados con fondos económicos do PRTR, deberá contar cun Plan de medidas antifraude que lle permita garantir e

declarar que no seu respectivo ámbito de actuación, se empregaron os fondos correspondentes de acordo coa normativa aplicable, en particular no que se refire á prevención, detección e corrección de fraude, corrupción e conflitos de intereses.

Para conseguir o obxectivo proposto, preséntase este PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E DE MEDIDAS ANTIFRAUDE, cuxo contido será de aplicación directa para a xestión dos fondos do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia, así como por extensión para o conxunto do ciclo financeiro e orzamentario no que se obteñen e se aplican os recursos públicos que xestiona este concello, e cuxas medidas serán desenvoltas polo Comité Antifraude do Concello de Ferrol, órgano que velará pola aplicación e cumprimento deste plan, cuxa composición e funcionamento se determinará por decreto do Alcalde:

En data 12 de agosto de 2022 foi ditaminado favorablemente pola Comisión Especial de Contas

Por todo o anterior, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E DE MEDIDAS ANTIFRAUDE do Concello de Ferrol que figura como anexo no expediente.

**SEGUNDO.-** Aprobar a DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE COMPROMISO NA LOITA CONTRA O FRAUDE E A CORRUPCIÓN, que figura como Anexo II do plan, e publicar esta de xeito permanente na web de transparencia municipal

**TERCEIRO.-** Publicar o Plan xeral de prevención de riscos e medidas antifraude do Concello de Ferrol no portal de transparencia do Concello de Ferrol <https://www.ferrol.gal/Transparencia> e no BOP

## ***PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE FERROL***

### ***INTRODUCCIÓN: ANTECEDENTES, LIÑAS XERAIS E DEFINICIÓNS.***

#### ***1. Antecedentes no compromiso ético do Concello de Ferrol.***

*O Concello de Ferrol, no desenvolvemento das competencias que lle confire a Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local, vén xestionando e aplicando unha contía significativa de fondos públicos, que no último orzamento aprobado acadou case os 87 millóns de euros, dos que logo de atender os gastos de persoal e de funcionamento, a maior parte son destinados á contratación de obras e servizos e á realización dunha variada acción de fomento nas distintas áreas de competencia municipais.*

*Nunha visión retrospectiva que abrangue toda a recente historia dende a promulgación da Constitución de 1978, este concello veu caracterizándose polo respecto á legalidade e por unha boa praxe na xestión dos recursos públicos asignados, algúns deles procedentes dos distintos programas aprobados da Unión Europea, o que resulta ser un indicador significativo do compromiso xa tradicional desta institución coa legalidade na súa xestión económico-financeira. Este feito acreditado é froito dunha conduta adecuada por parte dos distintos responsábeis políticos que gobernaron a Corporación ao longo deste período, pero tamén do rigor técnico e bo asesoramento do persoal funcionario que xestiona a contratación, a xestión da acción de fomento e o conxunto da facenda municipal.*

*Aínda así, hai que ser conscientes de que sobre a xestión de fondos públicos sempre pende unha ameaza ou risco de que os axentes implicados poidan incorrer en condutas irregulares ou mesmo fraudulentas, polo que cómpre seguir as prácticas que se están a impor no seo da Unión Europea e no conxunto dos países da nosa contorna, reforzando as medidas preventivas, aplicando sistemas de detección e, no seu caso, aplicando con rigor procedementos de corrección, de xeito que no caso de que se aprecien usos irregulares ou fraudulentos, se recobren para o erario público os fondos mal aplicados no prazo máis breve posible.*

*Neste eido, cómpre dicir que o artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, obriga a toda entidade, ben sexa decisora ou executora, que participe na execución das medidas do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), que dispoña dun plan de medidas antifraude, de xeito que lle permita garantir e declarar que no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes téñense utilizado de conformidade coas normas aplicábeis, en concreto, no que se refire á prevención, detección e corrección do fraude, a corrupción e o conflito de intereses.*

*A Deputación da Coruña, como organización de xestión e goberno da Provincia da Coruña, asenta a súa natureza de entidade local na agrupación de concellos (artigo 141 da Constitución e 31 da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local), atribuíndoselle como competencia esencial a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica con aqueles, especialmente cos de menor capacidade económica e de xestión (artigo 36.1, letra b, da Lei 7/85).*

*Tomando en consideración a novidade e, asemade, complexidade organizativa e técnica das medidas antifraude que se esixen pola normativa citada nos parágrafos anteriores, o ente provincial mediante acordo plenario adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 23 de xuño de 2022, aprobou por unanimidade o Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (Plan PREMADECOR), publicado no BOP nº 125 de 04/07/2022.*

*No apartado I. ÁMBITO DE APLICACIÓN E OBXECTIVOS. A POSIBILIDADE DE ADHESIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA AO PLAN PREMADECOR E AOS SEUS MECANISMOS ANTI-FRAUDE, este instrumento consideraba oportuno e mesmo necesario posibilitar que os concellos e demais entidades locais da provincia puideran adherirse a el, establecéndose distintos niveis ou graos de adhesión, que se graduaban partindo da poboación de cada entidade, criterio legal que se vén utilizando con carácter xeral na oferta de cooperación municipal en todos os ámbitos. O Grao 1º defíníase de acordo co seguinte:*

*“1º GRAO: Adhesión ao PLAN PREMADECOR e aos seus formularios e documentos. Co ánimo da cooperación exposta, ofrécese a todos os concellos e entidades locais da provincia o presente documento, co carácter de modelo ao que poden adherirse, mediante a tramitación do correspondente expediente administrativo e adopción do acordo plenario que proceda, e logo coa ulterior publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica de cada entidade.*

*Unha vez aprobado o plan correspondente, será de exclusiva competencia municipal a súa implantación no concello ou entidade, determinando os órganos que deberán realizar a*

*avaliación de riscos, seguimento de control e órganos competentes, así como establecemento do canle de denuncias.*

*Neste primeiro nivel ou grao non se produce delegación de competencia ningunha, polo que a Deputación quedará enterada do acordo cando sexa publicado no Boletín Oficial da Provincia; con todo, o Comité CADECOR que se regula no presente Plan e os demais servizos da Deputación asistirán aos concellos que o requiran por escrito, emitindo os informes que procedan en cada caso de acordo co Regulamento de asistencia a municipios”.*

*O Concello de Ferrol considera que o excelente traballo realizado pola Deputación da Coruña neste eido, pode ser aproveitado no senso de tomar como modelo o contido do PLAN PREMADECOR, ao abeiro do sinalado nos parágrafos anteriores, pero realizando a debida adaptación á natureza e circunstancias desta entidade, aprobando un plan propio baseado no do ente provincial*

## ***2. Liñas xerais de actuación antifraude: creación dun órgano específico, divulgación e formación.***

*Nunha liña de continuidade cos antecedentes expostos, o Concello de Ferrol comprométese a reforzar, dentro do ámbito das súas competencias, unhas prácticas que non deixen ningunha marxe de actuación a condutas irregulares, corruptas ou fraudulentas.*

*Neste afán que agora se declara, non só se pretende manter unha vinculación positiva co Principio de Legalidade en toda a xestión pública, senón que se vai a promover un grao adicional de compromiso moral, sensibilizando e procurando adherir aos principios de obxectividade, integridade e honestidade ao conxunto de persoas que participan na xestión en distintas posicións xurídicas: cargos representativos, persoal funcionario e laboral, contratistas, persoas beneficiarias de subvencións e en síntese ao conxunto da cidadanía.*

*Para conseguir o obxectivo proposto, preséntase este Plan xeral de prevención de riscos na xestión económico-financeira e de medidas antifraude, que de recibir a aprobación do Pleno corporativo, será publicado no Boletín Oficial da Provincial, e no Portal de transparencia desta Corporación sito na nosa sede electrónica <https://www.ferrol.gal/Transparencia>*

*Se a divulgación mediática e xeral coñecemento son un primeiro paso para a xeración de bos propósitos e sensibilización con estes valores, a súa efectividade e plena aplicación conseguirase co traballo e dedicación do Comité Antifraude do Concello de Ferrol, órgano específico que se crea neste Plan, para avaliar e mellorar de xeito continuo as medidas preventivas, detectar posibles incumprimentos e levar a cabo procedementos de natureza correctora. O persoal funcionario que asuma esta función realizará estes cometidos con plena autonomía e independencia, de xeito que se evite de antemán calquera posible interferencia que poida pór en dúbida o carácter obxectivo dos seus informes e acordos. Do exercicio axeitado das súas funcións renderá contas perante o Pleno da Corporación e colaborará eficazmente co Servicio Nacional de Coordinación Antifraude creado pola Intervención General del Estado (IGAE) e mesmo coa Oficina Europea de Lucha Contra el Fraude (OLAF).*

*Para finalizar este limiar non se pode esquecer a importancia da formación nestes valores e principios, así como no coñecemento de carácter técnico das distintas medidas que se describen no Plan. Por iso, xa se adianta agora a necesidade de fomentar a participación de cargos representativos, persoal ao servizo da administración local e mesmo contratistas e persoas beneficiarias de subvencións, en programas específicos de formación, nos que se expliquen as medidas, instrumentos de prevención, corrección e persecución que se pretenden implantar e as responsabilidades nas que se pode incorrer en caso de incumprimento.*

### **3. Definicións de fraude e corrupción.**

*Manténdose nesa idea da necesidade de sensibilizar e formar nesta materia ao conxunto de axentes que participan na planificación, asignación, xestión, xustificación e control dos fondos públicos, convén rematar esta parte introdutoria coa definición normativa das condutas constitutivas de fraude e corrupción, por seren certamente clarificadores e serven para precisar as medidas de prevención, detección, corrección e persecución que se enumeran nos apartados seguintes.*

*O artigo 3.1. da Directiva (UE) 2017/1371, do Parlamento Europeo e do Consello, de 5 de xullo de 2017, sobre loita contra o fraude que afecta aos intereses financeiros da Unión Europea a través do Dereito Penal, imponse aos estados membros a obriga de adoptar “as medidas necesarias para garantir que o fraude que afecte aos intereses financeiros da Unión Europea constitúa unha infracción penal cando se cometa intencionadamente”, isto é, obriga aos estados membros a tipificar sempre como ilícito ou delito no Código Penal respectivo as condutas dolosas que afecten aos intereses financeiros da Unión Europea.*

*Con tal premisa, no apartado 2 do artigo 3, a Directiva citada distingue as condutas constitutivas de fraude en función de se o gasto está relacionado ou non con contratos públicos. E describe, en primeiro lugar, as tres condutas fraudulentas relativas aos gastos que non deriven da contratación pública do seguinte xeito:*

- “i) O uso ou a presentación de declaración ou documentos falsos, inexactos ou incompletos, que teñan por efecto a malversación ou a retención infundada de fondos activos do orzamento da Unión Europea ou dos orzamentos administrados pola Unión Europea, ou no seu nome.*
- ii) O incumprimento dunha obriga expresa de comunicar unha información, que teña o mesmo efecto, ou*
- iii) O uso indebido de eses fondos ou activos para fins distintos dos que motivaron a súa concesión inicial”*

*E no caso de gastos relacionados cos contratos públicos, polo menos cando a acción ou omisión “se cometan con ánimo de lucro ilexítimo para o autor ou outra persoa, causando unha perda para os intereses financeiros da Unión Europea”, serán constitutivas de fraude as seguintes condutas:*

- “i) O uso ou a presentación de declaración ou documentos falsos, inexactos ou incompletos, que teña por efecto a malversación ou a retención infundada de fondos ou activos do orzamento da Unión Europea ou dos orzamentos administrados pola Unión Europea, ou no seu nome,*

- ii) O incumprimento dunha obriga expresa de comunicar unha información, que teña o mesmo efecto, ou
- iii) O uso indebido de eses fondos ou activos para fins distintos dos que motivaron a súa concesión inicial e que prexudique os intereses financeiros da Unión Europea”.

*E no tocante á corrupción, a Directiva que se está comentando establece que os Estados membros deben adoptar as medidas necesarias para garantir que a corrupción activa e pasiva, cando se cometan intencionadamente, sexan infraccións tipificadas penalmente, fixando os seguintes conceptos:*

- “ *A efectos da presente Directiva, entenderase por corrupción pasiva a acción dun funcionario que, directamente ou a través dun intermediario, pida ou reciba vantaxes de calquera tipo, para él ou para terceiros, ou acepte a promesa dunha vantaxe, a fin de que actúe, ou se absteña de actuar, de acordo co seu deber no exercicio das súas funcións, de modo que prexudique ou poida prexudicar os intereses financeiros da Unión Europea.*
- *A efectos da presente Directiva, entenderase por corrupción activa a acción de toda persoa que prometa, ofrezca ou conceda, directamente ou a través de intermediario, unha vantaxe de calquera tipo a un funcionario, para él ou para un terceiro, a fin de que actúe, ou se absteña de actuar, de acordo co seu deber ou no exercicio das súas funcións, de modo que prexudique ou poida prexudicar os intereses financeiros da Unión Europea.”*

*E defínese finalmente a malversación (que tamén deberá tipificarse penalmente) como “un acto intencionado realizado por calquera funcionario ou a quen se lle encomendara directa ou indirectamente a xestión de fondos ou activos, de comprometer ou desembolsar fondos, ou apropiarse ou utilizar activos de forma contraria aos fins para os que estaban previstos e que prexudique de calquera maneira os intereses financeiros da Unión Europea.”*

## **I. ÁMBITO DE APLICACIÓN E OBXECTIVOS**

*A aplicación das medidas antifraude abranguerá ao Concello de Ferrol.*

*A aprobación deste Plan e a posta en funcionamento dos mecanismos antifraude que se describen no mesmo, teñen como finalidade darlle debido cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, lle impón a España e ao conxunto dos estados membros en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión Europea como beneficiario dos fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), pois toda entidade, ben sexa decisora ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR deberá dispor dun plan de medidas antifraude, de xeito que lle permita garantir e declarar que no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes téñense utilizado de conformidade coas normas aplicábeis, en concreto, no que se refire á prevención, detección e corrección do fraude, a corrupción e o conflito de intereses.*

*Polo seu carácter de exemplaridade, procurarase que unha boa parte das medidas que se describen e se implantan no presente Plan resulten de aplicación, con carácter xeral, no conxunto do ciclo financeiro e orzamentario no que se obteñen e se aplican o conxunto de*

*recursos públicos que xestiona esta Administración, con independencia de cal sexa a orixe daqueles recursos, de fontes propias ou alleas.*

*Mais sen prexuízo desa tendencia ou vocación de xeneralidade exposta anteriormente, o Plan será de obrigada e intensa aplicación para o caso de que este concello poida recibir fondos do programa NEXT GENERATION EU, segundo do Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) establecido a través do Regulamento UE 2021/241, do Parlamento e do Consello, de 12 de febreiro de 2021.*

*Consonte ao previsto no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, o PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE FERROL atende aos seguintes requirimentos:*

- Estructura as medidas antifraude de maneira proporcionada e ao redor de catro elementos clave do denominado ciclo antifraude: prevención, detección, corrección e persecución.*
- Está prevista a avaliación do risco, impacto e probabilidade de risco de fraude nos procesos clave na execución do PRTR e a súa revisión periódica anual e, en calquera caso, cando se teña detectado fraude ou se produza algún cambio significativo nos procedementos ou no persoal.*
- Defínense medidas preventivas adecuadas e proporcionadas, axustadas ás situacións concretas, para reducir o risco residual de fraude a un nivel aceptable.*
- Prevese a existencia de medidas de detección axustadas ás sinais de alerta e defínese o procedemento para a súa aplicación efectiva.*
- Defínense as medidas correctivas necesarias para aplicar, cando se detecte un caso sospeitoso de fraude, con mecanismos claros de comunicación das sospeitas de fraude.*
- Establécense procedementos axeitados para o seguimento dos casos sospeitosos de fraude e a correspondente recuperación dos fondos da UE que se poidan ter gastado de xeito fraudulento.*
- Defínense medidas de seguimento para revisar os procesos, procedementos e controis relacionados co fraude efectivo ou potencial, que se transmiten á correspondente revisión da avaliación do risco de fraude.*
- Especificamente reguláanse procedementos relativos á prevención e corrección de situacións de conflito de intereses. Para evitar con anticipación a posible existencia de ditos conflitos, establécense como obrigatoria a sinatura dunha “Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses” (DACI) por todas as persoas que participen nos procedementos de execución do PRTR, a comunicación ao superior xerárquico da existencia de calquera potencial conflito de intereses e a adopción da decisión que, en cada caso, corresponda.*

## **II. AVALIACIÓN DOS RISCOS.**

### **1. Traballo do órgano interventor e creación do Comité Antifraude do Concello de Ferrol**

*Coa finalidade de artellar medidas antifraude que resulten proporcionadas e axeitadas, faise preciso realizar previamente unha auto-avaliación no referente a analizar os posibles riscos de actuacións fraudulentas, tal como está regulada dita tarefa no artigo 6.2 da Orde HFP/1030/2021, na súa remisión ao Anexo II.B.5 do mesmo texto.*

*No exercicio das súas funcións, o órgano interventor do concello xa ten feito análises de riscos no marco do deseño dos Plans de control financeiro dos exercicio 2021 e 2022, abranguendo dita análise o conxunto da xestión económico-financieira que se está a realizar na entidade.*

*Mais para realizar unha avaliación máis completa, no estrito cumprimento do disposto no artigo 6.5, letra c) da Orde xa citada, procederase a utilizar a ferramenta de avaliación de riscos que se propón na Guía para a aplicación de medidas antifraude na execución do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia que ten redactado o Servicio Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da IGAE (24 de febreiro de 2022), se ben a matriz de riscos deseñada nesta ferramenta vai a ser adaptada ás circunstancias organizativas deste concello (incorpórase como **Anexo I** dita matriz de riscos).*

*Nesta análise de riscos tamén se tomará como guía complementaria e documento de referencia o Catálogo de riscos por áreas de actividade aprobado polo Consello de Contas de Galicia, que se incorpora como **ANEXO I-BIS** ao presente Plan.*

*Para a aplicación da avaliación de riscos, seguindo a recomendación da Guía elaborada polo SNCA da IGAE e o Catálogo de riscos do Consello de Contas que se vén de citar anteriormente, créase o **COMITÉ ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE FERROL**. Dito comité, segundo se regula no apartado correspondente deste documento, estará integrado por un equipo multidisciplinar, que pola súa formación académica e experiencia de xestión acadada, pode dicirse que coñece en profundidade tanto a organización como os procedementos desta entidade local. Os seus traballos serán realizados sempre de forma obxectiva, garantindo a súa plena independencia respecto de calquera órgano corporativo ou servizo da entidade, rendendo contas da súa actuación só ante o Pleno da Corporación.*

## ***2. Adaptación da Ferramenta de avaliación de riscos elaborada polo Servicio Nacional de Coordinación Antifraude e do Catálogo de riscos por áreas de actividade do Consello de Contas de Galicia.***

*O **COMITÉ ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE FERROL** irá realizando unha adaptación paulatina das ferramentas de avaliación inicial que se presenta como anexos I e I.bis, revisando en cada momento as posibles debilidades que se poidan ir detectando e tamén cando se produzan cambios organizativos (especialmente cando se produza un cambio de corporación por remate do mandato).*

*Este sistema de xestión de riscos vai a abranguer os procedementos de prevención, detección e resposta aos riscos que afecten á totalidade dos fondos públicos municipais, sexan ou non procedentes do PRTR. Na actualización continua da ferramenta procederase a incorporar os resultados das auditorías e doutros controis realizados, de cara a incorporar novos riscos ou novos controis, coa finalidade de minimizar as posibilidades de que se produzan ou repitan.*

*Na avaliación de riscos vanse a realizar dous tipos de controis:*



- Controis preventivos ou “ex ante”, orientados a impedir que as situacións de fraude, corrupción, conflito de intereses ou dobre financiamento poidan ocorrer.
- Controis de detección “ex post” (alertas ou bandeiras vermellas), que van a estar dirixidos a identificar situacións de fraude, corrupción, conflito de intereses ou dobre financiamento. A detección deberá realizarse do xeito máis rápido posible, coa finalidade de mitigar os danos causados.

Pois ben, traballando dende o inicio coa matriz de riscos incorporada á Guía antifraude, cando se identifique un novo risco, será incorporado a dita matriz.

### **III. MEDIDAS DE LOITA CONTRA O FRAUDE.**

Realizada a análise de riscos, creado e posto en funcionamento un órgano específico para a súa aplicación e seguimento, o concello vai a promover unha serie de medidas antifraude, incardinadas cada unha delas dentro do xa estandarizado ciclo contra o fraude: prevención, detección, corrección e persecución.

Expóñense deseguido cada unha das medidas nas distintas fases de dito ciclo.

#### **1. MEDIDAS DE PREVENCIÓN.**

No marco das diferentes etapas que forman o ciclo antifraude, a prevención é unha fase clave na loita contra o fraude, a corrupción, os conflitos de intereses e o dobre financiamento, resultando moi importante que as medidas preventivas que se adopten sexan proactivas e proporcionais á probabilidade e impacto dos posibles riscos que se queiran mitigar ou evitar.

As medidas preventivas deben ter, ante todo, un carácter disuasorio, de xeito que as persoas que teñan tendencia ao fraude poidan temer as consecuencias do seus comportamentos.

##### **1.1. Política antifraude: declaración institucional.**

Como primeira medida preventiva, seguindo todas as recomendacións a este efecto, ten que apreciarse un compromiso claro, mediante unha declaración solemne do propio Pleno da Corporación, na que a institución amosa a idea de clara intransixencia con calquera situación de fraude ou corrupción que poida comprometer a legal e eficiente aplicación de todos os fondos públicos que se administren, con independencia da fonte de que procedan.

Un modelo de declaración institucional incorpórase a este Plan como **Anexo II**. Someterase á valoración do Pleno e, no caso de ser aprobado, deberá estar publicado de xeito permanente na paxina web oficial.

##### **1.2. Código de conduta.**

Como complemento da declaración á que se fai referencia no apartado anterior, debe subscribirse un Código de conduta (**ANEXO III**) por cada unha das persoas que participen, directa ou indirectamente, na xestión, aplicación e control dos fondos públicos, ben sexan cargos representativos ou persoal ao servizo da Administración pública.

O Código de conduta ao que se refire este apartado permitirá establecer uns principios respecto do comportamento esperado polas persoas que desenvolvan cargos

representativos, así como tamén por parte do persoal ao servizo da Corporación, entre os que poden listarse os seguintes:

Respecto ao Principio de legalidade, tanto na súa expresión positiva para as accións da administración, coma na vertente negativa, non realizando aquelas actividades ou actuacións que estean prohibidas ou para as que non exista unha habilitación legal específica.

- *Uso eficiente dos recursos públicos.*
- *Integridade, profesionalidade e honradez na xestión.*
- *Transparencia e bo uso da información.*
- *Trato imparcial e non discriminación.*

Para que se cumpra con estes principios, debe establecerse a obriga de que se faga unha supervisión efectiva por parte do persoal que ocupa postos directivos respecto do persoal ao seu cargo. Asemade, ten que haber unha conduta exemplar por parte dos primeiros, o que se coñece como “tone at the top”.

O texto deste Código de conduta, a subscribir por todo o persoal que participe na xestión ou control dos fondos, inclúese como **Anexo III** deste Plan.

### **1.3. Declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI).**

Como terceira medida de prevención, establécese a obriga de cumprimentar unha Declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) para todas as persoas que interveñan na xestión e aplicación dos fondos públicos, ben sexa a través de procedementos de contratación, ben mediante a concesión de subvencións ou transferencias.

No caso de actuación de órganos colexiados, a declaración deberá realizarse ao inicio da sesión na que se adopten acordos, debendo ser subscribida por todas as persoas integrantes de dito órgano, así como as persoas funcionarias que poidan realizar labores de asesoramento a ditos órganos.

Tamén as persoas que representen ou dirixan as entidades beneficiarias de subvencións deberán cumprimentar a DACI, como requisito previo á obtención da axuda.

Ao cumprimentarse a DACI haberá que observar a estrita aplicación do artigo 53 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido do estatuto básico do empregado público relativo aos principios éticos. Igualmente ha de considerarse o disposto no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, no tocante ao deber de abstención e tamén o disposto neste mesmo senso pola Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O modelo de DACI inclúese neste documento como **Anexo IV**.

### **1.4. Procedemento a seguir cando de aprecie que se produce un conflito de intereses.**

No caso de que se aprecie un posible conflito de intereses, sexa declarado ou non pola persoa interesada, seguirase o procedemento que se describe en cada un dos seguintes apartados.

#### **1.4.1. Declaración voluntaria de conflito de intereses.**

As persoas que deban intervir nos procedementos de execución do PRTR, cando consideren que incorren en conflito de intereses, deberán absterse de formalizar a DACI e intervir no

*procedemento, declarando que incorre en causa de abstención, de conformidade co artigo 23.2 a) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*

*Darán conta ao seu superior xerárquico ou órgano que o designou (no caso daqueles que formen parte dun órgano colexiado que participe no procedemento) quen resolverá o procedente, unha vez emitido o preceptivo informe polo COMITÉ ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE FERROL.*

*No caso de que a causa de abstención se puxera de manifesto na reunión dun órgano colexiado mediante manifestación expresa, esta farase constar na acta, sendo esta declaración equivalente á comunicación ao superior xerárquico ou ao órgano que o designou, traslado que realizará a secretaría do órgano colexiado.*

*Nos supostos nos que o superior xerárquico (ou órgano que o designou) acorde que non existe causa de abstención, o persoal e os responsábeis da xestión, así coma o COMITÉ ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE FERROL, considerarán o suposto unha “bandeira vermella” e procederán de conformidade co apartado 2.2.2 do presente Plan.*

*O persoal poderá formular en calquera momento ao COMITÉ ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE FERROL cantas consultas estime necesarias sobre a procedencia de absterse en asuntos concretos.*

#### ***1.4.2. Detección ou denuncia de conflito de intereses.***

*Cando o COMITÉ ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE FERROL na aplicación das súas medidas de detección (investigación, verificación das DACI con outras fontes externas, denuncias mediante o canle de denuncias e bo goberno ou por recusación expresa), detecte que algunha das persoas que deban intervir nos procedementos de execución do PRTR incorren en conflito de intereses, procederá á súa tramitación nos mesmos termos que unha recusación, de conformidade co previsto no artigo 24 da referida Lei 40/2015, estando lexitimada para promovela, no caso das denuncias, calquera persoa, de cara a garantir a protección xurídica da persoa denunciante.*

*O COMITÉ ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE FERROL realizará a comunicación formal ao superior xerárquico ou órgano que o designou, acompañada do seu preceptivo informe.*

*Naqueles casos en que se produza a recusación polas canles ordinarias (rexistro presencial, rexistro electrónico, canle de bo goberno e denuncias ou outros posibles), a súa tramitación corresponderá a COMITÉ ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE FERROL, seguíndose o procedemento previsto para os casos de denuncias recibidas, de cara a garantir un tratamento idéntico en todos os procedementos en que se estableza a obriga de cumprimentar as DACI.*

*Igual procedemento ha de seguirse cando o órgano de contratación ou o órgano que conceda unha subvención teña coñecemento por calquera medio dun posible conflito de intereses. A este fin, todas as comunicacións recibidas polo Rexistro serán trasladadas ao COMITÉ ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE FERROL.*

*Do mesmo xeito procederá calquera órgano ou persoa ao servizo do concello que teña coñecemento, por calquera canle formal ou informal, da posible existencia dun conflito de intereses.*

### **1.4.3. Conflito de intereses xurdido despois da presentación da DACI.**

*Cando o conflito xurda con posterioridade á presentación da DACI, as persoas afectadas deberán proceder do mesmo xeito descrito nos apartados anteriores, sen que esta declaración posterior signifique que a DACI fora falsa.*

### **1.4.4. Procedemento a seguir nos casos nos que a existencia do conflito de intereses foi detectado con posterioridade a que producira efectos.**

*Estes supostos terán a consideración de “bandeira vermella” e producirán efectos de conformidade co apartado 2.2.2 do presente Plan.*

### **1.5. Formación antifraude.**

*Coa finalidade de darlle difusión a este compromiso ético do conxunto da organización, o Concello de Ferrol comprométese a fomentar a participación en cursos ou sesión formativas sobre a temática do fraude e a corrupción, así como os medios para combatelos. Na medida do posible, e dentro das posibilidades orzamentarias municipais, tratarase de realizar formación propia. En todo caso as medidas de fomento procurarán incentivar a participación de persoal, cargos representativos, contratistas e beneficiarios das subvencións en programas de formación específicos desenvolto polas distintas administracións públicas, en particular os asociados ao plan PREMADECOR aprobado pola Deputación da Coruña*

*Con esta tarefa de fomento da formación e mesmo de carácter divulgativo, tratará de imporse unha cultura ética no manexo e aplicación dos fondos públicos, fomentando valores como a integridade, a obxectividade, a rendición de contas e a honradez.*

### **1.6. Sistema de control interno eficaz.**

*O Concello de Ferrol, coa debida aplicación do disposto no Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do sector público local, dispón dun modelo de control interno, que parte do exercicio da función interventora limitada en materia de gastos, coa fiscalización previa aos actos de aprobación e disposición de gastos, intervención previa aos recoñecementos de gastos e os seus pagamentos e, finalmente, a comprobación material dos investimentos, nos termos regulados no artigo 20 do expresado regulamento.*

*Asemade, a función interventora está complementada polo exercicio do control financeiro, na modalidade de control permanente (expedientes de aprobación do orzamento e modificacións orzamentarias, aprobación e modificación da RPT, aprobación de ordenanzas e regulamentos, execución da contratación pública) e planificado, auditoría pública das entidades adscritas e control financeiro de subvencións.*

### **1.7. Publicidade do Plan e da actividade de xestión económico-financeira:**

*Xa como colofón das medidas antifraude nesta primeira fase preventiva, a publicidade do propio Plan e de todas as medidas adoptadas, así como a difusión na páxina de transparencia do concello e no Perfil do contratante dos acordos e documentos relativos á xestión económico-financeira, contribuirá a que os distintos poderes públicos e mesmo o conxunto da cidadanía poidan ter información dabondo para colaborar eficazmente coas actuacións do COMITÉ ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE FERROL.*

*Entre outras accións de publicidade e difusión, cobran especial relevancia os acordos en materia de contratación que se publiquen no Perfil do contratante (licitacións, adxudicacións e formalización dos contratos) e as convocatorias de subvencións, concesións, pagamentos, reintegros e sancións que se están a publicar na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).*

*Como complemento final, no caso de expedientes de gasto financiados con fondos do PRTR, publicarase no Perfil do contratante cada unha das facturas aprobadas e pagadas, quedando plenamente identificada a identidade da empresa contratista e o importe de cada contraprestación.*

## **2. MEDIDAS DE DETECCIÓN.**

*A detección é unha etapa crítica na loita contra o fraude, xa que é o momento no que se espera que os coñecementos adquiridos e as ferramentas establecidas produzan os seus resultados. As irregularidades detectadas deben verificarse e no caso de que se teñan producido feitos que dean lugar a existencia de posibles actividades ou condutas ilegais que poidan supor unha incorrecta aplicación dos fondos públicos, deben tomarse medidas en dous ámbitos diferenciados:*

- Potenciar as medidas de prevención, para mitigar calquera dano potencial.*
- Incoar a investigación e unha vez realizadas as verificacións oportunas, comunicar os feitos ás autoridades xudiciais ou administrativas competentes, coa finalidade de que sexan valoradas e, no seu caso, corrixidas as condutas detectadas.*

*Resulta importante que todas as medidas de detección sexan eficientes e proporcionais ao nivel e natureza dos riscos de fraude, corrupción, conflito de interese e dobre financiamento identificados, tanto en cantidade (número de medidas) como en calidade (natureza das medidas).*

*Deseguido concrétanse as medidas de detección previstas no Anexo III.C da Orde HFP/1030/2021, de 19 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR.*

### **2.1 Verificación da DACI coa información obtida doutras fontes.**

*As Declaracións de ausencia de conflito de intereses poderán ser contrastadas con outras fontes de información externas, como pode ser a obtida a través da consulta no Rexistro Mercantil Central, Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), declaración de actividades dos cargos públicos representativos e outros posíbeis.*

### **2.2 Sistema de bandeiras vermellas.**

*O sistema de indicadores de alerta ou perigo, nomeado de “bandeiras vermellas”, representa un aviso de que algo inusual está a ocorrer e que non se corresponde coa actividade normal e rutinaria da entidade, constituíndose como pistas ou indicios dun posible fraude ou corrupción.*

*Cando se detecte un destes indicadores de alerta, o persoal e responsábeis da xestión deben permanecer especialmente vixiantes, coa finalidade de adoptar as medidas necesarias para conformar ou negar que existe un risco de fraude.*

*Cómpre precisar que a existencia dunha bandeira vermella non implica necesariamente a existencia de fraude ou outra irregularidade, pero si manifesta que unha determinada área*

*de actividade necesita dunha atención extra para descartar ou confirmar unha actividade potencialmente irregular.*

*No Anexo V inclúese unha relación de bandeiras vermellas por cada un dos ámbitos de xestión: contratos, convenios, subvencións e encargos a medios propios. Mais sen prexuízo do carácter máis exhaustivo e detallado do documento anexado, considérese necesario facer referencia neste texto aos seguintes indicadores máis significativos, tanto no ámbito da contratación pública coma no tocante á xestión das subvencións.*

### **2.2.1 Sinais de alarma na contratación pública.**

*Entre outros, porase especial atención nos seguintes:*

- Coñécese que entre unha persoa que exerce un cargo representativo con potestades decisorias ou persoa integrante da mesa de contratación existe relación social cun prestador de servizos ou provedor.*
- Cando a persoa que exerce cargo representativo ou persoa integrante da mesa de contratación ten negocios familiares nos que se venden ou prestan servizos idénticos ou moi similares.*
- Cando hai fraccionamentos de contrato inxustificadas.*
- Aprécianse prezos elevados comparados con outros contratos similares e non se detallan con precisión os prezos parciais ou unitarios, nin existen documentos que precisen os custos nos que teña incorrido o contratista ou provedor.*

### **2.2.2 Sinais de alarma en materia de subvencións.**

*Neste ámbito da xestión, tendo en conta a experiencia acadada neste concello polo exercicio efectivo do control financeiro de subvencións, poden salientarse como “bandeiras vermellas” os seguintes indicios:*

- O dobre ou, polo menos, excesivo financiamento, incumprindo o principio de adicionalidade. O beneficiario non declara os ingresos obtidos para a mesma finalidade, existindo sospeita de que non ten fondos propios dabondo para financiar o importe do gasto con cargo a fondos propios.*
- Imputación ou afectación indebida de custos indirectos.*
- Facturas sen detalle de prezos unitarios ou con indicación de prezos excesivos.*
- Presentación de facturas cunha algunha singularidade ou defecto, o que indica que puidera estar falseada nalgún dos elementos.*
- Existencia de facturas cruzadas co provedor, que a súa vez é cliente da entidade beneficiaria.*
- Incoherencias entre a documentación presentada para xustificar a subvención: algunha das facturas presentadas non ten relación coa actividade descrita na memoria da actividade.*

*A existencia dalgún destes indicadores, obrigará aos órganos xestores e ao propio COMITÉ ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE FERROL á realización de actuacións de control adicionais ás previstas inicialmente e requirir ás explicacións necesarias ata acreditar a inexistencia de fraude ou, no seu caso, para realizar as actuacións correctoras precisas.*

### **2.3 Canle de denuncias e bo goberno, garantido o anonimato da persoa denunciante.**

*Neste momento estase a tramitar nas Cortes Xerais do Estado o Proxecto de Lei polo que se vai a traspor ao Dereito interno español a Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión Europea, polo que unha vez que estea aprobada e entre en vigor dita norma as persoas denunciante van a ter a protección xurídica eficaz para que poidan presentar denuncias de infraccións sen sufrir posteriormente ningún tipo de represalia.*

*Sen prexuízo da plena aplicación da futura disposición legal que se vén de citar, este concello vai a establecer unha canle específica de bo goberno para a comunicar calquera irregularidade que se poida advertir, que se denominará **Canle de denuncias e bo goberno**, destinada a recibir a comunicación de posibles irregularidades ou condutas de fraude, á que se accederá a través da sede electrónica desta administración.*

*A presentación de denuncias a través desta canle precisará de identificación electrónica da persoa denunciante para evitar posibles suplantacións ou denuncias automatizadas, pero os datos serán tratados garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar non poidan coñecer dita identidade. No punto de acceso electrónico ao formulario figurará unha declaración expresa de que, malia a necesaria identificación electrónica para a presentación da denuncia, os datos serán tratados anonimadamente mediante as tecnoloxías da información, coa finalidade de garantir a indemnidade da persoa denunciante e así evitar calquera tipo de eventual represalia, nos termos nos que xa está previsto na Directiva europea reguladora deste asunto.*

*A xestión do canle de denuncias corresponderalle ao COMITÉ ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE FERROL, que procederá sempre a investigar os feitos denunciados, mediante a apertura dunhas actuacións previas, segundo está previsto no artigo 55 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas, coa finalidade de coñecer as circunstancias do caso concreto, realizando as indagacións oportunas.*

*Unha vez practicadas estas actuacións, só se procederá ao arquivo da denuncia no caso de que se comprobe que a mesma fose manifestamente infundada.*

*Do mesmo xeito, cando se reciban varias denuncias reiteradas sobre feitos xa indagados sobre os que non se atopou ningunha actuación irregular, procederase igualmente ao seu arquivo.*

*Unha vez instruído o correspondente procedemento e adoptadas as medidas cautelares necesarias para garantir a integridade e correcta aplicación dos fondos públicos, ditarase a resolución que proceda, dando coñecemento dos feitos no seu caso ao Ministerio fiscal, ao Tribunal de Contas e ao Servicio Nacional de Coordinación Anti-fraude.*

### **2.4 Canle de comunicación ética.**

*A Canle de denuncias e bo goberno á que se fixo referencia no punto anterior tamén poderá ser utilizada polas persoas que exerzan cargos representativos, persoal funcionario ou laboral da propia corporación, coas mesmas garantías de anonimato e indemnidade para as persoas denunciante.*

## **2.5 Actuacións de control interno en materia antifraude.**

*Sen prexuízo da plena aplicación das catro medidas expostas nos puntos anteriores, o órgano interventor da Corporación seguirá elaborando e aprobando anualmente un Plan de control financeiro, de acordo co previsto no Real decreto 424/2017, de 28 de abril. Este plan tamén estará orientado á detección de posibles casos de irregularidades ou fraude na xestión e aplicación de fondos públicos.*

## **3. MEDIDAS DE CORRECCIÓN E PERSECUCIÓN.**

### **3.1 Corrección.**

*A detección dun posible fraude ou mesmo a sospeita fundada producirá a suspensión inmediata do procedemento a través do que se estean xestionando os fondos públicos, coa notificación desta circunstancia no prazo máis breve posible ás autoridades interesadas e aos organismos implicados na realización das actuacións, así como a revisión de todos os proxectos que puideran estar expostos ao mesmo.*

*No caso de atoparse irregularidades sistémicas, deberán adoptarse as seguintes medidas:*

- Revisar a totalidade dos expedientes incluídos na operación ou de natureza económica análoga.*
- Propor ao órgano competente a posibilidade de que dite un acordo retirando o financiamento comunitario de todos aqueles expedientes nos que se identifique a incidencia detectada.*
- Comunicar ás unidades executoras as medidas necesarias a adoptar para subsanar a debilidade detectada, de xeito que este tipo de incidencias non volvan a reiterarse.*
- Revisar os sistemas de control interno para establecer os mecanismos oportunos que detecten as referidas incidencias nas fases iniciais de verificación.*

### **3.2 Persecución.**

*Á maior brevidade posible, o COMITÉ ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE FERROL procederá a:*

- Comunicar os feitos producidos e as medidas adoptadas á entidade decisoria ou entidade executora, así como a autoridade responsábel, a que poderá solicitar información adicional que considere oportuna de cara ao seguimento e comunicación á autoridade de control.*
- Denunciar os feitos puníbeis ás Autoridades públicas competentes: Servicio Nacional de Coordinación antifraude (SNCA) e para valoración e eventual comunicación á Oficina Europea de Lucha contra el Fraude (OLAF).*
- Iniciar información reservada para depurar responsabilidades e incoar, no seu caso, polo órgano competente, expediente disciplinario.*
- Denunciar os feitos perante a Fiscalía ou perante os tribunais competentes, nos casos en que así proceda.*
- Instar, a través de resolución a ditar polo órgano competente, o reintegro dos fondos gastados de xeito fraudulento.*



#### **4. COMITÉ ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE FERROL.**

*Para a correcta aplicación de tódalas medidas previstas no presente Plan, créase un Comité anti-fraude, o COMITÉ ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE FERROL, órgano colexiado integrado por persoal funcionario cualificado nesta materia, cuxa composición e funcións están detalladas nos apartados seguintes.*

*No exercicio das súas funcións, o COMITÉ ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE FERROL actuará con autonomía e independencia, non aceptando ningunha instrución ao respecto. Os seus informes e acordos serán elevados ao Pleno da Corporación e, no seu caso, remitidos ao Comité Nacional antifraude, ao Ministerio fiscal, Consello de Contas e Tribunal de Contas.*

*Dende o punto de vista procedimental, o COMITÉ ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE FERROL seguirá as regras de funcionamento previstas na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, para a actuación dos órganos colexiados.*

##### **4.1 Composición.**

*O Comité antifraude estará composto por cinco membros, designándose por resolución da Alcaldía, de acordo coas seguintes regras:*

- **Membro da Secretaría xeral:** *Será o que asuma as funcións de secretaría deste órgano, realizando as convocatorias das sesións que estea previsto convocar, redactar e custodiar as actas e notificar os acordos que se adopten, nos termos establecidos nos artigos 16 e 17 da Lei 40/2015, de Réxime xurídico do Sector público.*
- **Membro da Intervención xeral:** *Asumirá a presentación e impulso das actuacións de control que se decidan, e a tramitación dos procedementos de reintegro de fondos públicos e, no seu caso, sancionadores, coa colaboración do persoal do servizo de intervención. Xestionará a colaboración con outros órganos de control, investigación, corrección e persecución das actuacións ilícitas que puideran detectarse.*
- **Membro do CRI:** *Exercerá a implantación informática das medidas que se adopten, adaptando en cada momento as aplicacións corporativas e responsabilizarse de que toda a información deste Plan e das súas medidas estean debidamente divulgadas a través do Portal de transparencia da sede electrónica do concello.*
- **Membro do Servizo contratación:** *realizará o seguimento do Plan no ámbito da contratación pública*
- **Membro/s pertencente/s aos servizos que xestionan a concesión de subvencións en cada momento:** *Poderán designarse un ou varios membros de servizos que xestionan a concesión de subvencións ou axudas que teñan especial transcendencia no período de tempo a que correspondan os asuntos a analizar na seguinte sesión ordinaria*

*Aos efectos de ordenar o tratamento de asuntos e debates e demais atribucións previstas nos artigos 15 e seguintes da Lei 30/2015, na primeira sesión que teña lugar, o comité deberá propor a un dos membros para o exercicio da presidencia, cuxo nomeamento será formalizado mediante resolución da Alcaldía.*

##### **4.2 Funcións.**

*O COMITÉ ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE FERROL, coa composición prevista no apartado anterior, asumirá as seguintes funcións:*

- Avaliación periódica do risco de fraude, asegurándose de que exista un control interno eficaz que permita previr e detectar os posibles fraudes.*
- Definir a política antifraude e o deseño de medidas necesarias que permitan previr, detectar, corrixir ou perseguir os intentos de fraude.*
- Concienciar e formar ao resto do persoal do concello en materia da correcta aplicación dos fondos públicos e loita contra o fraude na súa xestión.*
- Incoar actuacións previas ante calquera indicio de fraude, requirindo tanta información se entenda necesaria ás unidades xestoras, contratistas ou persoas beneficiarias de subvencións.*
- Resolver as actuacións previas incoadas, acordando o seu arquivo ou a remisión do acordo ao órgano competente para a esixencia de responsabilidades administrativas, contábeis ou penais.*
- Informar periodicamente ao Pleno da Corporación das conclusións derivadas das actuacións practicadas e das medidas preventivas ou correctoras aplicadas.*

*Cando do resultado das actuacións previas realizadas por este órgano, proceda a incoación dun expediente de reintegro ou, no seu caso, de carácter sancionador, por incumprimentos da normativa en materia de subvencións, a súa instrución será realizada pola Intervención xeral.*

#### **4.3 Réxime de sesión e acordos.**

*O Comité reunirse con carácter ordinario unha vez ao trimestre, realizando en cada sesión una avaliación e seguimento deste Plan e, no seu caso, tratando os asuntos sobre os que se precisa tomar os acordos oportunos. Tamén poderá reunirse con carácter extraordinario cando o solicite calquera dos seus membros.*

#### **4.4 Avaliación e seguimento.**

*Con carácter periódico (polo menos anual), o comité antifraude elevará ao Pleno, para coñecemento deste órgano, un informe de avaliación e seguimento das medidas contidas neste Plan.*

*Con todo, cando o comité antifraude considere que algunha delas debe ser interpretada, adaptada ou reforzada, realizará a correspondente proposta, que será aprobada por resolución da Alcaldía e incorporada de inmediato, sen necesidade de novo acordo plenario. Para tal efecto, o Pleno delega expresamente na Presidencia estas atribucións de interpretación, adaptación e, no seu caso, reforzamento, das medidas expostas nos distintos apartados deste Plan.*

### **ANEXOS.**

**ANEXO I:** *Matriz de riscos que se incorpora a Guía para a aplicación de medidas anti-fraude na execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia aoribada polo Servizo Nacional de Coordinación Anti-fraude da IGAE (versión de 24 de febreiro de 2022)*

**ANEXO I BIS;** *Catálogo de riscos por áreas de actividade aprobado polo Consello de Contas de Galicia*

*ANEXO II: Declaración institucional.*

*ANEXO III: Código de conduta.*

*ANEXO IV: Declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI).*

*ANEXO V: Bandeiras vermellas.*

### **ANEXO I: MATRIZ DE RISCOS APROBADA POLO SERVIZO NACIONAL DE COORDINACIÓN ANTIFRAUDE DA INTERVENCIÓN XERAL DO ESTADO (IGAE)**

*A ferramenta Matriz de riscos que vai a utilizar o concello para a análise previa de riscos en cada expediente é a proposta elaborada polo Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención xeral do Estado, que se pode atopar no enlace que se indica deseguido:*

<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Documents/Anexo%20I.%20MATRIZ%20PMA%20PRTR%20SNCA.xlsx>

*Sobre dita ferramenta realizaranse os axustes que se consideren precisos, tendo en conta a natureza e circunstancias de cada expediente de gasto.*

*ANEXO I Bis: Catálogo de riscos por áreas de actividade aprobado polo Consello de Contas de Galicia*

*Xuntamente coa ferramenta anterior (Matriz de Riscos do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da IGAE) o Concello de Ferrol tamén vai a utilizar o Catálogo de riscos por áreas de actividade, elaborada polo Consello de Contas de Galicia, que se pode atopar no enlace que se indica deseguido:*

[https://www.ccontasgalicia.es/sites/consello\\_de\\_contas/files/contents/static\\_content/corrupcion/Catalogo\\_riscos\\_G.pdf](https://www.ccontasgalicia.es/sites/consello_de_contas/files/contents/static_content/corrupcion/Catalogo_riscos_G.pdf)

*Sobre dita ferramenta realizaranse os axustes que se consideren precisos, tendo en conta a natureza e circunstancias de cada expediente de gasto.*

### **ANEXO II: DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE COMPROMISO NA LOITA CONTRA O FRAUDE E A CORRUPCIÓN**

*“No marco da xestión e execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), así coma na xestión, aplicación e control de todos os fondos públicos, o Concello de Ferrol manifesta publicamente o seu compromiso ao máis alto nivel posible no estrito cumprimento das normas xurídicas e de carácter ético, así coma a súa total adhesión aos principios de integridade, obxectividade e honestidade, de xeito que a súa actividade oposta ao fraude e á corrupción sexa percibida por todos os axentes que se relacionan con esta administración.*

*As persoas que exercen cargos representativos na Corporación, así como todo o persoal ao servizo da Corporación, teñen o compromiso de velar sempre polos intereses xerais, con suxeición á Constitución, ao Estatuto de Autonomía de Galicia e ao resto do ordenamento xurídico, actuando en todo momento de acordo cos seguintes principios: obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo público, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez, promoción do entorno cultural e medioambiental e respecto á igualdade entre mulleres e homes.*

*Coa presente declaración preténdese promover dentro da organización unha cultura ética que non dea lugar a condutas ou actividades fraudulentas e que faga máis doada a súa prevención e*

detección, promovendo o desenvolvemento de procedementos efectivos para a xestión dos casos que se detecten.

Para acadar o obxectivo exposto, logo de que o Pleno aprobe este Plan antifraude do Concello de Ferrol e publicado o mesmo no Boletín Oficial da Provincia, a súa aplicación, pleno coñecemento e divulgación, asentarase sobre estes piares:

- A creación e funcionamento do Comité antifraude do Concello de Ferrol, órgano específico para a xestión e análise das medidas adoptadas, así como para o asesoramento e impulso das accións de corrección e mesmo persecución dos casos que se detecten. Este órgano actuará co plena independencia e só dará contas da súa xestión ao Pleno da Corporación.
- O fomento da formación e divulgación do contido deste Plan e das súas medidas. Para que estas actuacións produzan o seu efecto, tódalas persoas que exercen cargos representativos ou teñen a condición de persoal ao servizo da Corporación quedan comprometidas, por esta declaración, a participar na medida do posible e nos termos que se recollen no apartado correspondente do plan, nalgunha acción formativa.

En resumo: o Concello de Ferrol e as persoas que exercen cargos representativos ou prestan servizos para a mesma quedan comprometidos cos principios expostos e asumen a obriga de colaborar en todo momento para conseguir a plena eficacia das medidas de prevención, detección, corrección e persecución que se establecen neste Plan.

### **ANEXO III. CÓDIGO DE CONDUCTA DAS PERSOAS NO EXERCICIO DE CARGOS REPRESENTATIVOS E DO PERSOAL AO SERVIZO DA CORPORACIÓN.**

#### **PARA PERSOAS NO EXERCICIO DE CARGO REPRESENTATIVO**

No marco da xestión e execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), así coma na xestión, aplicación e control de todos os fondos públicos, as persoas que exercen cargo representativo como membros do Pleno da Corporación e dalgún outro órgano colexiado, ou ben como titulares ou suplentes de órganos de carácter unipersoal, axustarán toda a súa conduta aos principios e estándares recollidos no Código de bo goberno local da FEMP, e asemade, respectarán estritamente os deberes establecidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de acceso á información, transparencia e bo goberno. En particular, cumprirán cos principios de bo goberno establecidos no artigo 26 da devandita Lei e absteranse de incorrer nas condutas constitutivas de infracción en materia de incompatibilidades ou conflito de intereses (artigo 27 en relación co artigo 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime local ) e de infraccións en materia de xestión económico-orzamentaria (artigo 28).

#### **PARA O PERSOAL AO SERVIZO DA CORPORACIÓN.**

Todo o persoal ao servizo da Corporación, tanto cunha relación de carácter funcional como laboral, cumprirán co código de conduta establecido no artigo 52 do Texto refundido do Estatuto básico do empregado público (Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro), así como cos principios éticos recollidos no artigo 53 e os principios de conduta enumerados no artigo 54 do devandito texto legal.

*Asemade, a xestión e control dos fondos procedentes do PRTR levarase a cabo cunha rigorosa observancia da lexislación da Unión, nacional e autonómica, con especial atención ás seguintes materias:*

- *Elixibilidade dos gastos.*
- *Contratación pública.*
- *Réxime das axudas.*
- *Información e publicidade.*
- *Medio ambiente.*
- *Igualdade de oportunidades e non discriminación.*

*En resumo: todo o persoal ten a obriga de ler e cumprir co disposto neste código, colaborando coa súa difusión no centro de traballo e nas relacións con contratistas, provedores e persoas beneficiarias de subvencións. E as persoas responsábeis de cada servizo deberán contribuír a solventar calquera dúbida respecto deste código e servir de exemplo no seu estrito cumprimento.*

*Un exemplar deste documento e dos preceptos legais que se citan serán asinados por cada unha das persoas que participe na redacción, tramitación, aprobación, xestión, xustificación ou control dos fondos públicos procedentes do PRTR.*

#### ***ANEXO IV: DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES (FORMULARIO DACI)***

*“EXPEDIENTE 202XXXXXXXXXX*

*Co fin de garantir a obxectividade e imparcialidade neste procedemento de (contratación/concesión de subvención/ xustificación de subvención), a persoa que subscribe o presente documento, na súa condición de (cargo representativo/ persoal funcionario/membro designado do comité de expertos) e, xa que logo, participante no procedemento de (elaboración/ tramitación/resolución) do expediente,*

***DECLARA:***

***PRIMEIRO.-*** *Que con carácter previo a súa intervención no presente expediente foi debidamente informado do seguinte:*

- *Que o artigo 61.3 “Conflicto de intereses” do Regulamento UE/2018/1046, do Parlamento europeo e do Consello, de 18 de xullo (Regulamento financeiro da Unión Europea) establece que “existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións poida verse comprometido por razón familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal”.*
- *Que o artigo 64, “Loita contra a corrupción e prevención de conflito de intereses” da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ten como fin evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento , asegurando a igualdade de trato de todos os candidatos e licitadores.*
- *Que o artigo 23. “Abstención”, da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento tanto*

*as autoridades coma o persoal no que poida darse algunha das circunstancias que se enumeran deseguido:*

- *Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución poida influír a de aquel, ser administrador de sociedade ou entidade interesada ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.*
- *Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable ou parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera das persoas interesadas, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén con asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.*
- *Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.*
- *Ter intervído como perito ou testemuña no procedemento de que se trate.*
- *Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo ou en calquera circunstancia ou lugar.*

*SEGUNDO.- Que non se atopa incurso en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento financeiro da UE e que non concorre na súa persoa ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Sector público, que poida afectar ao procedemento de licitación/ concesión.*

*TERCEIRO.- Que se compromete a por en coñecemento do (órgano de contratación/comité de expertos/comisión avaliadora) de xeito inmediato calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que se poida producir.*

*CUARTO.- Coñezo que unha declaración de ausencia de conflito de intereses que resulte falsa ou falseada pode dar lugar ás responsabilidades administrativas, disciplinarias ou mesmo penais, ao tratarse dun documento público, sen prexuízo da obriga de indemnizar polos danos causados.*

*E para que así conste, asino a presente DACI, que se incorpora ao expediente de referencia”.*

#### **ANEXO V: BANDEIRAS VERMELLAS**

*As BANDEIRAS VERMELLAS son sinais de alarma, listas ou indicios dun posible fraude. A existencia dunha bandeira vermella non implica necesariamente a existencia de fraude, pero si indica que unha determinada área de actividade necesita atención extra para descartar ou confirmar un potencial fraude.*

*No presente Anexo, incorpórase a Listaxe de bandeiras vermellas e controis propostos do Anexo II da Guía para a aplicación de medidas antifraude na execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia elaborada polo Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da IGAE, que se pode atopar no enlace deseguido:*

*<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Documents/Anexo%20II.%20Listado%20BR%20y%20controles.pdf>*

*Sobre dita ferramenta realizaranse os axustes que se consideren precisos, tendo en conta a natureza e circunstancias de cada expediente de gasto.”*

Previa deliberación, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos Sres./as. asistentes, acordou aprobar a proposta transcrita. “

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Iltmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr

ALCALDE